

Falando enténdese a xente

Obxectivos*

1. **Abordar a resolución** de conflitos a partir de situacións próximas ao alumnado.
2. **Aprender a pórse** no lugar do outro, fomentando o diálogo e a escoita activa.
3. **Diferenciar** a violencia do conflito.

Esquema de actividades *

1. O caso de Carlos. Procurando solucións.

Dilema moral a partir da situación que vive unha testemuña.

Esta actividade tamén é adecuada para o primeiro ciclo de ESO.

2. Que ten que ver o caso de Carlos coa nosa realidade?

Debate en grupo a partir da reflexión e dos comentarios extraídos do caso.

3. Conclusións.

Exposición colectiva do aprendido.

Desenvolvemento das actividades e orientacións didácticas*

O profesor ou profesora introducirá a actividade dicindo que no DENIP, o Día Escolar da non violencia e da Paz, se fala moitas veces sobre a Paz ou a Guerra coa ollada posta no conxunto do planeta (Paz mundial ou Guerra entre países), e “esquecemos” conflitos que temos moi cerca de nós.

1. O caso de Carlos (actividade válida para primeiro ciclo de ESO)

Carlos é un alumno de 5º que encontrou o seu caderno de matemáticas nos lavabos da escola, cheo de insultos e debuxos de xenitais. Marta, unha compañeira da aula, contoulle, a condición de que non lle dixese a ninguén, que vira como Xoán collía o caderno da súa mochila e escribía nel. Outro grupiño de compañeiros tamén o viron, mais non dixeron nada.

Xoán é un neno que vai á mesma aula que Carlos e que moitas veces se burla del. Moitos nenos e nenas séguenlle “o xogo” rindo as súas brincadeiras; se fas parte do seu grupo, non te pasa nada.

Antes de que ocorrese o do caderno, as primeiras veces que Xoán se metía con el, Carlos díxíallo ao titor (Xoán tivera que lle pedir desculpas despois de que este lle chamase a atención). Porén, Carlos non dixo nada das posteriores agresións (nin a seus pai, nin ao seu titor), xa que Xoán e o seu grupo o ameazaron con lle facer algo peor se volvía denunciar a situación.

Desta vez, despois da historia do caderno, Carlos decidiu facer o mesmo: non contarlle nin ao seu titor nin a seus pais.

Procurando solucións

Imaxina que o caso de Carlos sucede na nosa aula. Que solución adoptarías ti entre as tres seguintes?

Solución 1:

Os nenos e nenas da aula deciden falar co titor para lle explicar o que está a suceder entre Carlos e Xoán. Creen que é mellor dicilo, xa que así evitarán que Xoán se meta con eles. Se van en grupo, será máis fácil que se vai un só.

Solución 2:

Os nenos e nenas da aula danlle o seu merecido a Xoán e aos seus amigos.

O mellor é pagarlles coa mesma moeda. O titor reprendeunos moitas veces, mais non serve de nada porque despois se vingan do neno ou da nena que os denunciou. A Xavier quitáronlle a merenda e roubáronlle o diñeiro para larpeiradas; a Pepe encerrárono no baño para que non puidese entrar á hora, e a moitos máis nenos e nenas insúltannos ou lánzannos esgarros. O mellor é unha boa malleira, para que aprendan a lección! Somos moitos máis que Xoán e o seu grupo. Así terannos medo e deixaranos en paz.

Solución 3:

Todos os demais nenos e nenas evitan falar da situación para non lle complicar a vida a Carlos.

Case mellor non dicir nada e evitar ter problemas con Xoán. Unha vez, a Xoán expulsárono unha semana por bater nunha nena no recreo e el e o seu grupo dedicáronse a perseguir a nena pola rúa e a lanzarlle pedras. Todos vivimos no mesmo barrio. Mellor non dicir nada; se o facemos, non poderemos xogar no parque.

Coméntaselles que deben adoptar unha posición sen se deixar levar polo que farían os outros compañeiros e compañeiras (talvez o xeito máis fácil de conseguilo é que cada alumno/a o faga primeiro no seu caderno e que despois se fagan os grupos).

Pensa e escribe cos compañeiros e compañeiras que escolleron a mesma solución ca ti, as razóns polas que escollestes esa solución. Despois debes expolar e defendelas perante os outros grupos.

O/a profesor/a ten que formar tres grupos de traballo (un por cada solución) en función das decisións dos alumnos. Se unha das solucións é escollida por poucos alumnos, intentarase convencer outros nenos e nenas para a escolleren tamén. É importante que pensen argumentos para defender a súa decisión. Unha vez decorrido un tempo de traballo en grupo, cada un dos grupos (cun ou varios portavoces) deberá expor os argumentos polos que escolleu esa solución.

As tres posturas que se propoñen ao alumnado están dentro do cadro de resolución de conflitos:

1. Solución baseada no diálogo
2. Solución baseada nunha reacción agresiva
3. Solución baseada na inhibición ineficaz

Cuestións a analizar despois da exposición dos grupos:

- 1.- Cal credes que é a mellor solución? Por que?
- 2.- Solucionaríase así o problema tanto para Carlos como para Xoán?
- 3.- Por que Xoán se mete con Carlos? Como credes que se sente Carlos? E Xoán?
- 4.- Son responsables das agresións os rapaces do grupo de Xoán? Por que lle seguen o xogo?
- 5.- Que tipo de agresións sufriu Carlos?

Cando analizamos un conflito debemos ter en conta todos os actores implicados. O debate debería mostrar que todos e todas son responsables da situación. Outro aspecto a traballar é o de que a violencia pode ser tanto verbal como física.

2. Que ten que ver o caso de Carlos coa nosa realidade?

- Credes que existen moitos conflitos no Centro? Por que?
- Todos os conflitos son negativos?

Despois de responder a estas preguntas, é o momento de comentar que os conflitos fan parte da vida e que, en determinadas ocasións, poden conducir á violencia. Deberá establecerse a diferenza entre conflito e violencia: os conflitos fan parte das relacións humanas; a violencia é un xeito de actuar ou de tentar "resolvelos". Por iso, para mellorar a convivencia e previr a violencia, é fundamental aprender a resolver conflitos de forma construtiva (pensando, dialogando, negociando, etc.).

- Como te comportas perante un conflito? Involúcraste? Pasas totalmente del? Pos os medios para tentar resolvelo?... Por que?

A análise debe guiarse para traballar o aspecto máis emocional dos conflitos e das súas causas, coa axuda das seguintes pistas:

- Deducir o mellor xeito de resolver o conflito (tanto para o agredido, como para o agresor) que incluíra fomentar o diálogo e a escoita activa, sabendo diferenciar conflito de violencia.
- Pensar as razóns polas cales cada personaxe actúa como actúa fronte ás agresións (impotencia-Carlos, medo-compañeiros, chamar a atención-Xoán, evitar burlas e chamar a atención-grupo de Xoán).
- Saber que os conflitos son elementos inherentes á vida persoal e social, e que se desenvolven en todos os ambientes: familiar, escolar, veciñal, etc. Os conflitos non son necesariamente negativos; depende do modo en que se afrontan, se regulan e se resolven. Por iso, é necesario recoñecelos e non afastalos ou non lles prestar atención.
- Non perder de vista que os agredidos e os agresores son persoas. Hai que colocarse no lugar do outro e respectalo para vivir en paz. Lembrar que "o respecto para co outro é a base de todas as relacións persoais".
- Transmitir ao alumnado que, aínda que durante a resolución dos conflitos pode haber momentos duros e de sufrimento, tamén pode representar unha oportunidade para crecer e madurar. Saber que, moitas veces, as diferenzas nos enriquecen, e que non admitilas é unha mostra da nosa falta de tolerancia para cos demais.
- Destacar que as situacións de violencia que se producen no noso centro, na sociedade e no mundo, se desenvolven cando perdemos o respecto para co outro e/ou para connosco, e se manteñen cando calamos as agresións que vemos ou sufrimos.
- Igualmente, analizar por que non sabemos solucionar os conflitos de maneira dialogada e construtiva, sen recorrer á violencia.

Non cremos conveniente utilizar a palabra bullying aínda que, seguramente, aparecerá ao longo do debate. Nese caso, debe formularse a importancia da resolución pacífica dos conflitos como medio para non chegar a situacións extremas. Debería evitarse a visión alarmista tan frecuente nos medios; comentade que nos medios se fala moito do tema, mais unicamente cando a situación xa chegou a un extremo. Formúlade a necesidade de actuar antes, e de que isto é responsabilidade de todos.

3. Conclusións

Pór por escrito, en murais ou en papel de embalar, as conclusións que os alumnos e alumnas extraeron das actividades realizadas.

Para finalizar a actividade, podemos convidar os rapaces e raparigas a que recollan as conclusións da actividade nun mural. Este mural pode ficar exposto na aula ou noutro espazo do centro, e tamén pode utilizarse no acto simbólico para o DENIP.

O caso de Carlos

Carlos é un alumno de 5.º que encontrou o seu caderno de matemáticas nos lavabos da escola, cheo de insultos e debuxos de xenitais. Marta, unha compañeira da aula, contoulle, a condición de que non llo dixese a ninguén, que vira como Xoán collía o caderno da súa mochila e escribía nel. Outro grupiño de compañeiros tamén o viron, mais non dixeron nada.

Xoán é un neno que vai á mesma aula que Carlos e que moitas veces se burla del. Moitos nenos e nenas séguenlle “o xogo” rindo as súas brincadeiras; se fas parte do seu grupo, non te pasa nada.

Antes de que ocorrese o do caderno, as primeiras veces que Xoán se metía con el, Carlos dicíallo ao titor (Xoán tivera que lle pedir desculpas despois de que este lle chamase a atención). Porén, Carlos non dixo nada das posteriores agresións (nin a seus pai, nin ao seu titor), xa que Xoán e o seu grupo o ameazaron con lle facer algo peor se volvía denunciar a situación.

Desta vez, despois da historia do caderno, Carlos decidiu facer o mesmo: non contarlle nin ao seu titor nin a seus pais.

Imaxina que o caso de Carlos sucede na nosa aula. Que solución adoptarías ti entre as tres seguintes?

Solución 1: Os nenos e nenas da aula deciden falar co titor para lle explicar o que está a suceder entre Carlos e Xoán. Cren que é mellor dicilo, xa que así evitaran que Xoán se meta con eles. Se van en grupo, será máis fácil que se vai un só.

Solución 2: Os nenos e nenas da aula danlle o seu merecido a Xoán e aos seus amigos. O mellor é pagarlles coa mesma moeda. O titor reprendeunos moitas veces, mais non serve de nada porque despois se vingan do neno ou da nena que os denunciou. A Xavier quitáronlle a merenda e roubáronlle o diñeiro para larpeiradas; a Pepe encerrárono no baño para que non puidese entrar á hora, e a moitos máis nenos e nenas insúltannos ou lánzannos esgarros. O mellor é unha boa malleira, para que aprendan a lección! Somos moitos máis que Xoán e o seu grupo. Así terannos medo e deixaranos en paz.

Solución 3: Todos os demais nenos e nenas evitan falar da situación para non lle complicar a vida a Carlos. Case mellor non dicir nada e evitar ter problemas con Xoán. Unha vez, a Xoán expulsárono unha semana por bater nunha nena no recreo e el e o seu grupo dedicáronse a perseguir a nena pola rúa e a lanzarlle pedras. Todos vivimos no mesmo barrio. Mellor non dicir nada; se o facemos, non poderemos xogar no parque.

Despois de comentar co meu grupo, decidimos que a mellor solución é:

E as razóns son: